Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 25/06/2018.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

A) Aprobar a concesión/exclusión de subvencións destinadas á promoción de proxectos desenvolvidos na área de acción social. Exercicio 2017, segundo o contido da citada proposta, resultando a relación de beneficiarios/excluídos de subvención tal como segue:

ASOCIACIÓNS DE MAIORES

ENTIDADE	PUNTUACIÓN	Axuda solicitada	IMPORTE DA SUBVENCION
CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE RIVEIRA	65	1.070,00 €	1.070,00 €
CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE AGUIÑO	65	1.230,00 €	1.230,00 €
CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE CORRUBEDO	50	780,00 €	780,00 €
CENTRO SOCIAL, CULTURAL, RECREATIVO SANTA UXÍA	50	1.045,00 €	1.045,00 €

B) Aprobar unha prórroga do prazo da xustificación para que os beneficiarios presenten a documentación requirida nas bases que regulan a convocatoria, determinando o remate deste prazo nun mes a partir da notificación da resolución de concesión da subvención.

5.- ACHEGAS PARA COLEXIOS E ASOCIACIÓNS DE PAIS E NAIS. EJERCICIO 2016.

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Educación, M^a Herminia Pouso Maneiro, de data 06/03/2018, na que solicita a aprobación do pago de achegas destinadas a colexios e asociacións de pais e nais. Exercicio 2016

Visto o **informe** presentado pola **Comisión Avaliadora para as achegas destinadas a colexios e asociacións de pais e nais. Exercicio 2016**, de data 06/03/2018, así como a **acta da Comisión Avaliadora de Educación**, de data 06/03/2018.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 25/06/2018.

Vista a documentación que obra no expediente.





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar o pago de achegas destinadas a colexios e asociacións de pais e nais. Exercicio 2016, según o contido da documentación que consta no expediente, resultando a relación de beneficiarios de subvención tal como segue no seguinte cadro resumo:

ENTIDADE	CONTÍA
ANPA CARAMECHEIRO (IES Nº 1)	520,20 €
ANPA DO CEIP DE PALMEIRA	554,88 €
ANPA COLEXIO SAGRADO CORAZÓN DE CASTIÑEIRAS	693,60 €
ANPA MONTE TAHUME (CEIP OLVEIRA)	554,88 €
ANPA NOSA SEÑORA DO CARMEN (CEIP DE AGUIÑO)	554,88 €
ANPA SAN ROQUE (IES LELIADOURA)	150,00 €
ANPA SANTA UXÍA (CEIP O GRUPO)	375,00 €
ANPA A GUIA (CARREIRA)	416,16 €
CEIP PLURILINGÜE DE ARTES	485,52 €
CEIP HEROÍNAS DE SÁLVORA	450,84 €
CEIP PLURILINGÜE DE FRIÓNS	485,52 €
IES LELIADOURA	589,56 €

6.- CONCESIÓN DE ACHEGA NOMINATIVA. ASOCIACIÓN A CREBA.

Visto o Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación A Creba para o desenvolvemento do proxecto denominado “Programa de transporte de usuarios”, de data 27/10/2017.

Vista a documentación achegada para o desenvolvemento do proxecto denominado “Programa de transporte de usuarios”, mediante escrito presentado pola Asociación A Creba, de data 04/12/2017 (Rexistro de entrada nº 19.197)

Vista a **proposta de resolución de achegas 2017** da Comisión Avaliadora para a promoción de proxectos desenvolvidos nos convenios de colaboración coas entidades prestadoras de servizos sociais, de data 12/02/2018.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 25/06/2018.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- A) **Conceder** unha achega nominativa, por importe de 3.000,00 €, á Asociación A Creba (CIF G15476310) para o desenvolvemento do proxecto denominado “Programa de transporte de usuarios”, e de conformidade co establecido no citado convenio.
- B) **Aprobar** a documentación xustificativa presentada polo beneficiario





7.- CONCESIÓN DE ACHEGA NOMINATIVA. ASOCIACIÓN AMICOS.

Visto o Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Amicos para o desenvolvemento do proxecto denominado “Servizo de atención psicopedagóxica”, de data 27/10/2017.

Vista a documentación achegada para o desenvolvemento do proxecto denominado “Servizo de atención psicopedagóxica”, mediante escrito presentado pola Asociación Amicos, de data 15/12/2017 (Rexistro de entrada nº 19.652)

Vista a **proposta de resolución de achegas 2017** da Comisión Avaliadora para a promoción de proxectos desenvolvidos nos convenios de colaboración coas entidades prestadoras de servizos sociais, de data 12/02/2018.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 25/06/2018.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- A) **Conceder** unha achega nominativa, por importe de 3.000,00 €, á Asociación Amicos (CIF G15747678) para o desenvolvemento do proxecto denominado “Servizo de atención psicopedagóxica”, e de conformidade co establecido no citado convenio.
- B) **Aprobar** a documentación xustificativa presentada polo beneficiario

8.- CONCESIÓN DE ACHEGA NOMINATIVA. FUNDACIÓN FAIBÉN.

Visto o Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Fundación Faibén para o desenvolvemento do proxecto denominado “Programa Contigo”, de data 27/10/2017.

Vista a documentación achegada para o desenvolvemento do proxecto denominado “Programa Contigo”, mediante escrito presentado pola Fundación Faibén, de data 15/12/2017 (Rexistro de entrada nº 19.615)

Vista a **proposta de resolución de achegas 2017** da Comisión Avaliadora para a promoción de proxectos desenvolvidos nos convenios de colaboración coas entidades prestadoras de servizos sociais, de data 12/02/2018.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 25/06/2018.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:





- A) **Conceder** unha achega nominativa, por importe de 3.000,00 €, á Fundación Faibén (CIF G27713379) para o desenvolvemento do proxecto denominado “Programa Contigo”, e de conformidade co establecido no citado convenio.
- B) **Aprobar** a documentación xustificativa presentada polo beneficiario

9.- CONCESIÓN DE ACHEGA NOMINATIVA. ASOCIACIÓN AMBAR.

Visto o Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Ambar para o desenvolvemento do proxecto denominado “Programa Vivindo na Comunidade”, de data 27/10/2017.

Vista a documentación achegada para o desenvolvemento do proxecto denominado “Programa Vivindo na Comunidade”, mediante escrito presentado pola Asociación Ambar, de data 15/12/2017 (Rexistro de entrada nº 19.686)

Vista a **proposta de resolución de achegas 2017** da Comisión Avaliadora para a promoción de proxectos desenvolvidos nos convenios de colaboración coas entidades prestadoras de servizos sociais, de data 12/02/2018.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 25/06/2018.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- A) **Conceder** unha achega nominativa, por importe de 3.000,00 €, á Asociación Ambar (CIF G15052434) para o desenvolvemento do proxecto denominado “Programa Vivindo na Comunidade”, e de conformidade co establecido no citado convenio.
- B) **Aprobar** a documentación xustificativa presentada polo beneficiario

10.- CONCESIÓN DE ACHEGA NOMINATIVA. FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA.

Visto o Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Fundación de Amigos de Galicia para o desenvolvemento do proxecto denominado “Plan de loita contra a pobreza e exclusión social”, de data 27/10/2017.

Vista a documentación achegada para o desenvolvemento do proxecto denominado “Plan de loita contra a pobreza e exclusión social 2017”, mediante escrito presentado pola Fundación de Amigos de Galicia, de data 28/11/2017 (Rexistro de entrada nº 18.810)





Visto o **informe** da Xefa de Servizo do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios, de data 12/02/2018.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 25/06/2018.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- A) **Conceder** unha achega nominativa, por importe de 6.600,00 €, á Fundación de Amigos de Galicia (CIF G15859911) para financiar o desenvolvemento do proxecto denominado “Plan de loita contra a pobreza e exclusión social”, e de conformidade co establecido no citado convenio.
- B) **Aprobar** a documentación xustificativa presentada polo beneficiario

III.- CONTRATACIÓN.

1.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN MUSICAL DO GRUPO DVICIO DENTRO DO PROGRAMA FESTAS DO VERÁN 2018.

Visto o expediente que se tramita para contratar a ACTUACIÓN MUSICAL DO GRUPO DVICIO DENTRO DO PROGRAMA FESTAS DO VERÁN 2018.

Consta no expediente:

- 1) Xustificación da necesidade e proposta do inicio do expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, asinada polo programador cultural Unai González Suárez e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas, na data 20/06/2018.
- 2) Informe relativo a non división en lotes da contratación, asinado polo programador cultural Unai González Suárez, na data 19/06/2018.
- 3) Informe sobre a insuficiencia de medios materiais e persoais para a contratación, asinado polo programador cultural Unai González Suárez, na data 19/06/2018.
- 4) Informe sobre a non utilización de medios electrónicos no procedemento para a contratación, asinado polo técnico informático municipal Ramón Martínez Becerra, na data 19/06/2018.
- 5) Certificado expedido por Chen Castaño Calvo en representación de “Planet Events, S.A.”, de que a citada sociedade ostenta os dereitos exclusivos para a contratación das actuacións do grupo musical DVICIO no territorio de España durante o ano 2018.





- 6) Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 25/06/2018 (número de operación 2018 22011376), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 338 22609.
- 7) Prego de prescricións técnicas asinado polo técnico do departamento de cultura Unai González Suárez, na data 26/06/2018.
- 8) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento negociado sen publicidade, con un criterio de adxudicación (prezo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 27/06/2018.
- 9) Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 27/06/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 10) Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 28/06/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

De acordo co establecido no artigo 25.1.a.1º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), o contrato ten a cualificación de contrato privado.

Dada as características do contrato, o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria de conformidade co disposto no artigo 168.a.2º da LCSP:

Cando as obras, as subministracións ou os servizos so poidan ser encomendados a un empresario determinado, por algunha das seguintes razóns: que o contrato teña por obxecto a creación ou adquisición de unha obra de arte ou representación artística única non integrante do Patrimonio Histórico Español; que non exista competencia por razóns técnicas; ou que proceda a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial.

A non existencia de competencia por razóns técnicas e a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial so se aplicarán cando non exista una alternativa ou substituto razoable e cando a ausencia de competencia non sexa consecuencia de unha configuración restritiva dos requisitos e criterios para adxudicar o contrato.

Vistos os artigos 117, 122 e 124 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación da actuación musical do grupo DVICIO dentro do programa festas do verán 2018, cun orçamento total de licitación de 33.880,00 euros (orçamento base: 28.000,00 euros; IVE 21%: 5.880,00 euros). Valor estimado do contrato: 28.000,00 euros.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas asinado polo técnico do departamento de cultura Unai González Suárez, na data 26/06/2018.





TERCEIRO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento negociado sen publicidade, con un criterio de adjudicación (prezo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 27/06/2018.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adjudicación.

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 6ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, invitaranse ás seguintes empresas a participar no procedemento e a que presenten as súas ofertas:

- Planet Events, S.A.U., con NIF número A-82343542, á vista do certificado de que a sociedade ostenta os dereitos exclusivos para a contratación das actuacións do grupo musical DVICIO no territorio de España durante o ano 2018.

2.- ADJUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN DA RÚA MURALLA E DA RÚA LUIS PIMENTEL (AGUIÑO)”.

Visto o expediente que se tramita para contratar, como contrato menor, as obras de “Pavimentación da rúa Muralla e da rúa Luis Pimentel (Aguiño)”, por un prezo total de licitación de 27.680,13 euros (Base: 22.876,14 euros; IVE 21%: 4.803,99 euros), sendo o prazo de execución de 1 mes.

O expediente de contratación (como contrato menor) e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61929, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 21/12/2017.

Consta no expediente resolución da Directora Xeral de ordenación do territorio e urbanismo de data 07/02/2018, que tivo entrada no rexistro xeral na data 16/02/2018 co número 2.096, no que se resolve outorgar ó Concello de Riveira autorización para realizar as obras de pavimentación da rúa Muralla en Aguiño.

Ao tratarse dun expediente de contratación iniciado antes da entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e de conformidade co disposto na súa Disposición transitoria primeira, a súa tramitación rexerese pola normativa anterior.

Tendo en conta que para a adjudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adjudicación realizarase a favor da empresa máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180245292
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 11/07/2018 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/07/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/07/2018 14:12:50		Fecha: 11/07/2018 Hora: 14:10





“1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.”

Para a adxudicación do contrato presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	NIF	Data	Prezo total (incluído IVE 21%)
Canarga, S.L.	B-15.360.902	26/02/2018	17.963,07 euros
Nemesio Ordoñez, S.A.	A-15.146.608	26/02/2018	18.194,15 euros
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	B-15.293.145	26/02/2018	19.157,42 euros

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Vista a proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, da data 28/02/2018.

Visto o artigo 111 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de **Pavimentación da rúa Muralla e da rúa Luis Pimentel (Aguño)**, segundo a Memoria Valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xullo/2017, á empresa **“Canarga, S.L.”** (NIF B-15.360.902), no prezo total do contrato de 17.963,07 euros (Base: 14.845,51 euros; IVE 21%: 3.117,56 euros), segundo o seu orzamento número 21800119 da data 26/02/2018.





IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XII.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por David Teira Olveira en representación da **Laura Olveira Domínguez**, de data 12/06/2018 (Rexistro de entrada nº 8.756), no que solicita o pintado de liña amarela para reforzamento do vao permanente nº 45/06 situado na Rúa Camiño do Rueiro, nº 40 (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 21/06/2018 emitido pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Que se proceda ao pintado de liña amarela para reforzamento do vao permanente nº 45/06 situado na Rúa Camiño do Rueiro, nº 40 (Palmeira), según o sinalado no citado informe policial (Diante da porta do garaxe e parte do lateral esquerdo do muro).

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR UNHA GRELLADA NO CAMPO DE FÚTBOL DE A GUÍA, CARREIRA

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

Escrito presentado por Francisco Sieira Fernández, de data 22 de xuño de 2018 (entrada núm. 9.602), mediante o que expón: *“Que el día 30 de junio como en años anteriores realizaremos la fiesta de fin de curso en el campo de la Guía, donde se hará una churrascada.”* E solicita: *“Licencia para dicho evento.”*

LEXISLACIÓN AMBIENTAL APLICABLE

Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 36 da *Lei 3/2007, de 9 de abril*, ao referirse a outros usos do lume, o seguinte: *“1. Nas zonas agrícolas, forestais e nas de influencia forestal, durante a época de perigo alto, queda prohibido:*

a) Realizar fogueiras para recreo ou ocio e para a preparación de alimentos, así como utilizar equipamentos de queima e combustión destinados á iluminación ou elaboración de alimentos. (...)”

Establece o artigo único da *Orde do 13 de xuño de 2018 pola que se determina a época de perigo alto de incendios*, ao referirse ao período considerado de alto risco, o seguinte: *“Decláranse como época de perigo alto de incendios*





forestais durante o ano 2018 as datas comprendidas entre o 1 de xullo e o 30 de setembro.”

O evento prevé realizarse nunha área de solo urbano, sen influencia forestal, libre de vexetación accesoria, nun recinto pechado, e coas medidas de seguridade contra incendios adecuadas.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 26/06/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a realización do citado evento, condicionado á supervisión e control do Corpo de Policía Local e do servizo municipal de Protección Civil.

2.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E O REXISTRADOR DA PROPIEDAD DE NOIA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do “Convenio de Colaboración suscrito entre o Concello de Riveira e o Rexistrador da Propiedade de Noia”, co obxectivo de establecer un marco para facer efectiva, en formato electrónico, a obriga dos rexistradores da propiedade de comunicar ao Concello de Riveira datos e documentos establecidos pola lexislación vixente; puidendo extenderse para outras comunicacións que legal ou voluntariamente se determinen; e, así mesmo, se habilita o servizo de presentación telemática de documentos do Concello no Rexistro da Propiedade.

3.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do “Convenio de Colaboración suscrito entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Riveira para o acceso ao fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concello de menos de 50.000 habitantes”

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario acctal., dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180245292
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE -	11/07/2018	Fecha: 11/07/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL -	11/07/2018	Hora: 14:10
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/07/2018 14:12:50		

